

Isaac Díaz Pardo, no seu artigo «Inés Canosa», ofrécenos unha breve biografía da preciosa rapaciña nada en Sardiñeiro que coñeceu en Magdalena nunha visita da Asociación Fillos de Galegos de Buenos Aires. A rapaciña para a que fixo unha fotografía da vila e a cal, despois de pasar uns días na casa de Luis Seoane en Sardiñeiro decidiu volver á súa terra para sempre. Esta rapaciña, Inés Canosa, por suposto, estivo primeiro no Castro de Samodo, e axudou a Luis Seoane no museo Carlos Maside. Tamén estivo un tempo na organización do Seminario de Sargadelos e despois tres anos na primeira Galería de Sargadelos en Barcelona, antes de chegar ó que sería o seu destino nos vinte e cinco anos seguintes: a galería Sargadelos de Madrid, na que aínda continúa.

O último dos artigos dedicados á figura de Inés Canosa é o de José Antonio Durán, «O territorio da nostalgia». Nel, o escritor fala da súa amizade con Inés, que naceu hai tanto tempo que xa nin se lembra, pero tan limpa como o primeiro día. Aproveita tamén para lembrar outros amigos comúns como Patiño, Blanco Amor ou Seoane, e para defende-lo seu internacionalismo, «A Galicia atlántica e políglota coa que soño, aberta ó mundo...» (páx. 44), a pesar do cal «case non concibo este Madrid que compartimos (sen vernos a penas), sen a seguridade de que Inés está aí.» (páx. 45).

Completan o contido do libro sete debuxos, dos cales, cinco pertencen a Susana González, un a F. Sutil, e un aparece sen asinar.

Para rematar, os editores do libro homenaxe, inclúen unha táboa gratulatoria na que fan referencia a aqueles que non escribiron pero que tamén fixeron posible a edición do texto coa súa colaboración económica (César Arias, Xesús González Gómez, Neves González Pereiro, Manuel Lombao, Ana Monteserín Cancio, Juan M. Ribera e Fina Villar).

A longa listaxe de nomes que atopamos neste libro, sexa como autores, editores ou colaboradores é unha mostra máis do que din as «Palabras para Inés»: todos eles senten pola muller que espera no anaco de Galicia que é Sargadelos agarimo, e sobre todo, agradecemento.

BEGOÑA REGUEIRO SALGADO

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, OLIVIA, *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*, Editorial Galaxia, Vigo 2001.

Sobradamente coñecida para todos é a figura de Vicente Risco, pero só parcialmente, pois durante moito tempo a crítica contentouse co estudio do seu ensaio publicado en 1933 «Nós, os inadaptados», marxinando o resto da súa obra e boa parte da súa ideoloxía, privándonos do coñecemento dunha personalidade tan tremendamente atractiva coma contradictoria e

atormentada. El mesmo confesouse sufridor dun pesimismo ó ser consciente dos defectos da sociedade que viviu. Ó cabo un incomprendido, unha mente inqueda e insaciable que non o deixou acougar ata a súa senectude na que acadou un certo grao de paz e felicidade.

Sabedora do descoñecemento deste gran literato, político e por riba de todo pensador, como el mesmo se chamaba, a doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid e profesora na Universidade da Coruña Olivia Rodríguez González versou a súa tese doutoral sobre a obra narrativa de Vicente Risco, traballo que reconece foi a semente deste libro: «Este libro nace dunha tese de doutoramento sobre a obra narrativa de Vicente Risco, lida na Universidade Complutense de Madrid (...) Cumpria daquela facer un estudio introductorio sobre a figura humana e o traballo intelectual do ourensán, que moi cedo rebordou, por mor da excepcionalidade da persoa obxecto da tese, os límites axeitados a un tono preliminar á análise da súa obra literaria.» (p. 17).

Segundo a autora, os estudos realizados sobre Vicente Risco céntranse na súa faceta galeguista, concretamente no devandito ensaio de 1933, quedando moi restrinxido o coñecemento do seu pensamento: «A finalidade deste estudio é axudar a recompor os anacos esgazados dun intelectual en soidade (...) Pertencer a unha xeración tan importante non o librou da desmemoria. Aínda necesita ser lido, coñecido e estudiado, como intelectual de gran talla, como guía e creador de oposicións no discurrir cultural do noso país» (p. 23).

Así nace entón *Estética e teoría da cultura de Vicente Risco*, «libro que quere ser unha ollada ó percorrido intelectual de Vicente Risco» (p. 17). Un percorrido que a autora divide en tres grandes bloques que atenden ás diferentes etapas ideolóxicas do autor ourensán.

No primeiro capítulo, a autora trata «A mocidade de Vicente Risco (1909-1917)» achegándonos a un Risco mozo, inqueda e ás súas actividades primixenias: contactos cos agraristas e posterior relación cos redactores de *La Centuria* cos que fundará o grupo modernista «cenáculo ourensán», dentro do cal formábase un subgrupo que alumeará a revista *Nós*.

Olivia Rodríguez quere amosarnos no apartado «Ideas dos seus primeiros escritos» qué preocupacións ateigaban a mente do Risco aínda mozo. Fálásenos dun Risco marcado pola idea da decadencia de Occidente, que tirou de Nietzsche e que desenvolveu na súa obra *Las tinieblas de occidente*, onde revisa e xulga duramente os valores culturais do vello continente e defíneos coma as causas da depravación da sociedade, feito que o leva ó desprezo da época que vive e ó aborrecemento da sociedade na que se move. «Os propósitos expostos polo autor son indicar a orixe destes valores e demostrar que na realidade se trata de non –valores que causaron a corrupción física, psíquica e espiritual do home europeo» (p. 30).

Outros aspectos do Risco mozo, seguindo a Olivia Rodríguez, foron o seu posicionamento «antinoventayochista» e o seu rexeitamento da política. Un Risco que ocupou parte das súas páxinas nun elemento que pesa ó longo de toda a súa obra: a relixiosidade, sentimento que tiña moi arraigado; foi un católico conservador que pensaba que «*a historia das culturas se achaba escrita na Biblia e o home occidental estaba desoñdo as mensaxes que o pasado lle enviaba para prolonga-la súa supervivencia*» (p. 19). A nosa autora segue a apuntarnos que reflectiu ideas coma a do individualismo e o grande home; ou o seu ideario estético, baseado no simbolismo francés; a súa concepción da arte á que atribúe dúas funcións: coñecemento dunha verdade máis fonda que a aparental e a puramente estética. Por isto volve a Platón e retrata ó poeta coma un ser privilexiado que tenta comunica-la verdade dos homes.

O pesimismo non deixou de imbuír as liñas deste novo autor, un pesimismo sen o que, segundo él, non se podería crear doutrina estética ningunha, como nos recorda a autora do estudio.

Semella imprescindible sinalar as fontes das que bebeu Risco. Olivia Rodríguez faíno no apartado «Correntes ideolóxicas e autores que inflúen en Vicente Risco». Posto que a obra risquiána áchase empapada de citas e alusións, cun predominio de Nietzsche e posteriormente Splenger, os decadentistas franceses e ingleses e vangardistas europeos. Sen deixar de lado a cultura oriental da que Risco se alimenta en non poucas ocasións.

No segundo capítulo, «O nacionalismo de Vicente Risco», débúxasenos a faciana máis coñecida do autor: a de político radical. Neste apartado Olivia Rodríguez abrangue a súa labor progaleguista, dende 1917 cando ingresa no galeguismo das Irmandades de setembro de 1930 no que unha viaxe a centroeuropa marcao profundamente e afástao da loita galeguista que emprendera.

Vicente Risco vólcase totalmente na causa galeguista, como nos recorda a autora, e adopta unha postura tallante: «*Non hai onde escoller, máis que entre o nacionalismo e a morte*» (p. 95). O seu obxectivo é acadar que Galicia funcione coma a nación que xa é.

A autora segue a afondar na psique risquiána en «Características ideolóxicas do pensamento de Vicente Risco». Aquí resalta coma novidades: o valor da Historia, á que Risco concedera moita importancia e que atende á evolución da sociedade e da cultura, o medicinalismo ou o valor da política, actividade que na anterior etapa rexeitara baseándose na idea platónica de que os poetas non tiñan cabida na política. Por outra banda están as constantes: persevera coa súa teima da decadencia de occidente e coa teoría do atlantismo, que foi a idea xustificadora do seu nacionalismo; os saberes ocultos e o sentimento relixioso. É precisamente a relixión católica a única vía de salvación para a caída de Europa. A ideoloxía estética é unha constante en Risco, quen propón a

creación dunha arte galega. «*Risco quiere «crear» a cultura galega, entendendo creación coma proxección dese mundo interior do espírito galego, influído por un medio que tamén cómpre descubrir ou recrear*» (p. 145).

Esta creación empregará coma instrumentos: a obra dos precursores, basicamente dos historiadores que foron «os creadores da conciencia nacional galega»; o estudio comparativo doutras culturas célticas do Atlántico, especialmente Irlanda e Portugal; a cultura espiritual popular e o pasado cultural medieval.

En «O sentimento da Terra galega» Risco virte as súas primeiras reflexións e estudos sobre a estética galega, como anota a nosa investigadora. Afirmar que o sentimento da Terra é característico da raza galega: «*Sentimos fondamente os galegos a beleza da nosa terra e este sentimento crea en nós o sentimento da paisaxe, o sentimento da Natureza que distingue ós artistas dos artistas iberos*». (p. 148). É para Risco a expresión deste especial sentimento o requisito fundamental para a estética galega. Sentimento que se acha íntimamente vencellado co da saudade. É este sentimento o que revaloriza a arte galega a ollos de Risco, pois partindo da súa frase «*ser diferente é ser existente*» sen este elemento distintivo non existiría tal arte.

A derradeira fase do seu pensamento amósanola Olivia Rodríguez no terceiro capítulo: «O ultraconservador Vicente Risco». Son dous os traballos que mellor testemuñan o seu cambio cara o fascismo: «Mitteleuropa» e «Da Alemaña». O tema principal destes artigos é a defensa do catolicismo tradicional e o ataque ó comunismo e á propagación das ideas marxistas, todo isto impregnado dunha tristura endexamais vista nel. Agudízase o seu pesimismo nesta etapa «*séntese no centro do escenario da Europa decadente, no centro da corrupción*». (p. 163). A caída de Europa é para el inminente, e a salvación é o catolicismo. Chega a apoiar o nacionalsocialismo, non porque o convenza totalmente, senón porque é a única forza en contra do marxismo.

Neste terceiro estadio, a súa ideoloxía é sintetizada pola autora na concepción católica do mundo, consolídase a súa crenza de que a fin do mundo está preto «*O final traerá a morte do mundo e o triunfo da cristiandade*» (p. 175) só do catolicismo xorden as actividades culturais de valor en occidente, entendendo cultura coma a «*creación de valores, imitación de las perfecciones, y, por tanto, acercamiento del mundo de Dios*». (p. 180) Olivia Rodríguez refire as ideas risquiánas que respaldan a súa afirmación:

Risco aplica a súa concepción da historia coma un eterno retorno e ve coma os cristiáns occidentais perden a súa dignidade, de maneira que repetirán o destino que sufriron os xudeus na Antigüidade, tomando o relevo da cristiandade os pobos asiáticos e africanos.

A súa declaración antisemita por razóns históricas: «*os xudeus son un elemento peligroso para las sociedades con las que conviven*» (p. 205); metahistóricas: «*a súa*

concepción do mundo choca enteiramente coa cristiá» (p. 205) e teolóxicas: «son un pobo deicida sobre o cal pesa unha expiación milenaria» (p. 205).

O seu posicionamento a prol do autoritarismo e a defensa da dictadura, e da monarquía e do obsoleto patriarcado coma «formas de goberno que gozan da aprobación expresa de Deus» (p. 220).

Chegando a dicir que a «Grande Guerra» é unha guerra necesaria «é unha guerra xusta e inevitable porque a loita estase levando a cabo contra a derradeira forma de revolución, que iso é o marxismo» (p. 223) «é tamén necesaria porque significa o inicio da restauración da cristiandade» (p. 224). Soamente pon un pero ó novo réxime e é á censura dos libros, posto que el cre que o dano que algúns libros poderían facer paliaríase con máis libros.

Engade a autora unha derradeira apreciación verbo da teoría estética de Risco e é a de que non mudan as súas ideas estéticas nesta etapa: «a arte supeditada á cultura cristiá, pode provocar asemade a evasión cara os mundos de soño nos que cría o Risco da mocidade. Pero a evasión debe ir na procura da verdade, a que se acha detrás da aparencia das cousas» (p. 227). Considera que o ocultis-

mo continúa ó servizo da arte e cuestiona os novos materiais introducidos na arte moderna.

No apartado «Nota final sobre o discorrer ideolóxico nesta etapa» Olivia Rodríguez sinala que «As súas preocupacións están subordinadas á idea dun Deus católico con características do Yahvé das Sagradas Escrituras. Velai o valor que nel alcanzan as profecías e a xustiza e a vinganza divinas» (p. 231).

Finalmente a autora engade unha «Polémica sobre a postura ideolóxica final de Vicente Risco» onde fai unha análise da cuestión recollendo as opinións de varios autores incluído o fillo do autor, Antón Risco, e proponendo tódalas posibles causas da defeción do nacionalismo por parte de Risco.

En resumo, esta obra é un escrupuloso estudio dunha complexa ideoloxía non comprendida no seu tempo, polo que resultaba necesaria para cubrir as moitas lagoas que rodeaban esta grande personalidade. Constitúe unha moi boa axuda para entender mellor o entramado da súa obra e un incentivo para achegarse a ela.

MARIETA VERDEAL DURÁN